

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 09/10/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 09/10/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02 de outubro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/3733

Dáse conta de escrito presentado por D. Guillermo Buceta Gamallo solicitando o tramite dunha comisión de servizos para o posto de Interventor no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Asemade dáse conta do nomeamento pola Dirección Xeral de Administración Local do Sr. Buceta como Interventor do Concello de Vilagarcía de Arousa en Comisión de Servizos por un ano, prorrogable ata 2 anos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e dalle a benvida ao Concello.

PRP2023/3383

Dáse conta de escrito presentado por D. Mariano Dos Santos Dos Santos, solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República os días 12, 13, 14 e 15 de outubro de 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, tendo en conta que este tipo de instalacións autorízanse unicamente de forma esporádica durante a celebración de Festas ou Eventos.

PRP2023/3590

Dáse conta de escrito presentado por D. Norberto Diego Camba Mondragón, titular da oficina de Farmacia situada en Avda. de Rubians nº 5, no que solicita o regulamento do estacionamento na citada Rúa, a fin de deixar libre o aparcamento para as persoas que desexen facer uso do servizo da citada farmacia.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a estrada é

titularidade do Ministerio de Fomento, e estase traballando na reforma integral da Avda. de Rubiáns.

PRP2023/3593

Dáse conta do escrito presentado por D. Alberto Cousido Bravo solicitando a sinalización con liña amarela na Rúa Bouza de Cea, para evitar o estacionamento de vehículo que dificultan a circulación na citada vía, tal e como xa solicitara por escrito de data 29 de xullo de 2022.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que xa se solucionara o problema do estacionamento e que realizadas varias comprobacións aleatorias nas últimas semanas comprobouse que non se atopa ningún vehículo estacionado en zonas de influencia da circulación (tan só un dos días había dúas bicicletas apoiadas ao muro dunha vivenda fronte ao nº 31 que non influían en absoluto)

Á vista do anterior non se considera procedente o pintado desa zona.

PRP2023/3594

Dáse conta de escrito presentado D. Lorenzo Colimas Álvarez solicitando a instalación dun espello na Rúa Fontecaamoá, á altura do nº 69 para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen do garaxe da citada edificación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación dun espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do citado garaxe.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

PRP2023/3599

Dáse conta de escrito presentado por Alcoholicos Rehabilitados Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa colocación dunha mesa na Praza de Galicia o día 7 de outubro de 2023, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3664

Dáse conta do escrito remitido pola Sociedade Galega do Medioambiente SA achegando borrador de convenio para o tratamento da fracción orgánica na planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda estudar as condicións para a adhesión do Concello ao programa de reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente SA (SOGAMA).

PRP2023/3667

Dáse conta de escrito remitido pola Federación Española de Municipios y Provincias - FEMP comunicando que o proxecto "Camiños Escolares Seguros Vilagarcía de Arousa" resultou gañador do premio na categoría de "Fomento dun Desenvolvemento Urbano Saúdable e sostible, conforme ao fallo do Xurado do Premio de Calidade RECS 2023 do pasado 14 de setembro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3680

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Reformas Trebol SL parao subministro de materiais e man de obra para reparación da cuberta da Casa de Cultura de Trabanca Badiña, por un importe total de 3.872,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2023/3641

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade CROMOSOMOS X, por importe de 500,00 €, para o desenvolvemento de actuacións e atencións socioeducativas e comunitarias no ámbito da saúde menstrual e sexual dirixidas á comunidade, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/3668

Dáse conta de informe do Director da Escola Municipal de Música no que indica que o Claustro de Profesores, e segundo acordo do resto de centros docentes do municipio, elixiu como día non lectivo do curso 2023-2024 o venres 13 de outubro de 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda conceder a autorización para declarar o venres 13 de outubro como non lectivo no curso académico 2023-2024 da Escola Municipal de Música.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/3620

O día 20 de setembro de 2023 a Comunidade de montes en mano común de Loenzo presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2023.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes en mano común de Loenzo presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no

expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por masa adulta de PIÑEIRO procedente de plantación) roza de penetración no 70% da superficie, roza manual selectiva baixo arborado no 30% da superficie, poda alta en masas de coníferas e recollida manual e trituración de restos con tractor e rozadoira de cadeas nunha superficie de actuación de 1,43 ha.
- Na mouteira 2, (formada por unha masa mixta de FRONDOSA procedente de plantación), roza de penetración en rúas no 70% da superficie, roza manual selectiva baixo arborado no 30% da superficie, poda de formación en masas de frondosas e recollida manual e trituración de restos con tractor e rozadoira de cadeas nunha superficie de actuación de 3,090 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa mixta de FRONDOSA procedente de plantación), roza manual selectiva baixo arborado nunha superficie de 0,540, así como poda de formación en masa d frondosas e recollida manual e trituración de restos con tractor e rozadoira de cadeas nunha superficie de 0,54 ha.
- Gastos derivados da redacción de proxectos técnicos de control arqueolóxico preceptivos.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 9.176,80 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendi en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, considérase que é pertinente que, de acordo coa base 4.1 das bases, a Xunta de Goberno Local acorda conceder unha axuda por importe de 9.176,80 €, con cargo á partida 1720.489 á Comunidade de montes en man común de Loenzo con CIF V 36136430 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2023/3611

Dáse conta de que con motivo da adquisición do vehículo modelo Nissan Pick Up Navara Tur 4x4 DC FE e matrícula 9243LFX, para o Servizo Municipal de Vías e Obras, procedeuse e formalizar póliza de seguros, prorrogable anualmente, coa entidade aseguradora Mutua General de Seguros con apéndice referencia 13560022, polo periodo que vai do 18/09/2023 ata o 31/12/2023, ascendendo o importe da prima para ese periodo a cuantía de 133,14 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á poliza de seguro do citado vehículo matrícula 9243LFX, polo importe de 133,14 €, con cargo á partida 1530.224.

PRP2023/3665

Dáse conta do escrito de alegacións presentado por Dona Luz Maria Laya Fernández, en representación de New Live Promociones Culturales SL en contestación ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 11 de setembro de 2023 relativo á reclamación da Asociación de Consumidores e Usuarios en Acción - FACUA no que formulaban denuncia contra a promotora do Festival TLANTIC FEST 2023 polo sistema de pago e por non permitir acceder aos recintos onde se celebrou o citado festival con comida e bebida adquirida no exterior a excepción das persoas con necesidades alimenticias especiais.

No citado escrito, entre outras consideracións a promotora do festival, alega:

No Festival “Atlantic Fest” a gastronomía non constitúe un servizo meramente accesorio, senón que, moi pola contra, ocupa un lugar destacado na organización do evento.

O Festival pon ao dispor dos asistentes unha ampla oferta gastronómica, co fin de facilitar o consumo de alimentos e bebidas fornecidos polo propio promotor, e, desta maneira, garantir a seguridade alimentaria e evitar que se poida chegar a producir dentro do seu recinto unha intoxicación polo consumo de comida ou bebida en mal estado e procedente do exterior.

Con idéntica finalidade, o Festival pon ao dispor das público fontes de auga potable de consumo gratuíto.

Como complemento das anteriores medidas e para asegurar a súa eficacia, o Festival establece nas súas condicións de acceso a prohibición de entrada con comida e bebida adquirida no exterior do recinto, fóra de que o asistente acredite unha intolerancia ou alerxia alimenticia. Neste último caso, o asistente pode acceder con alimentos especiais, sempre que acredite a súa condición mediante a exhibición do correspondente documento ao persoal de seguridade privada contratado polo Festival.

Todo iso, de acordo con o sinalado no artigo 13 da Lei de espectáculos públicos de Galicia.

Outro dos aspectos que merece ser destacado na organización do Festival “Atlantic Fest”, é o seu sistema de pago, do que informa debidamente aos seus asistentes a través da súa páxina web e redes sociais.

“Atlantic Fest”, establece, como método de pago no interior do recinto, o uso polos asistentes das comunmente denominadas pulseiras “cashless”, que lles é fornecida sen custo algún por parte do Festival.

Para os efectos de poder efectuar os pagos, é necesario cargar a pulseira co saldo que se considere oportuno. Esta operación pode realizarse tanto en liña como presencialmente durante os días de celebración de Festival, mediante a utilización ben de efectivo ou ben de tarxeta bancaria. Ao finalizar o Festival, os asistentes poden solicitar e obter a devolución íntegra do saldo que non consumisen, sen necesidade de pagar ningunha comisión en concepto dos gastos bancarios que conleva o uso desta tecnoloxía. Por motivos de organización interna, o Festival anuncia a apertura dun período durante o cal é posible solicitar tal devolución, aínda que aqueles asistentes que o fan fóra do prazo establecido obtéñena sen problema.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora do escrito de alegacións presentado por New Live Promociones Culturales SL e considera que non procede abrir expediente sancionador polos feitos denunciados pola Asociación de Consumidores e Usuarios en Acción - FACUA.

CULTURA

PRP2023/3654

Vista a solicitude de D. José Manuel Cores Tourís, como Presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza

da Peixería, o día 5 de outubro de 2023, para o desenvolvemento dunha degustación con produtos gastronómicos da zona, con motivo da celebración dun Torneo Interpuertos de Fútbol Sala os días 5 e 6 de outubro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Praza da Peixería, 1 día: 50,90 €.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/3655

Vista a solicitude de D. Eduardo Carnero García, en representación da Igrexa Evanxelista Centro Bíblico, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 14 de outubro de 2023, durante todo o día, para a celebración dun Encontro Luso-Galego, que consta de actuacións de diferentes corais, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €

- Responsable de sala: 9 horas estimativas: 91,80 €

- Operarios (2): 9 horas estimativas: 183,60 €

- TOTAL: 540,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/3656

Vista a solicitude de D. Alvaro Jesús Pérez Becerra, en representación de INÉ PRODUCCIÓN SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 20 de outubro de 2023, durante todo o día, con motivo da representación do espectáculo CORENTENA, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 18 €; Zona B: 15 €; Zona C: 12 máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante. De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 12 horas estimadas 132,60 €
- Operarios (2): 12 horas estimadas 265,20 €
- Persoal de taquilla (2): 7 horas: 127,50 €
- TOTAL: 790,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2023/3629

Dáse conta da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra da modificación das bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (PON20230).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3666

Dáse conta do expediente de contratación PC 10/2022-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar as obras contempladas no proxecto denominado “MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO CENTRO DE FORMACIÓN DE MATOSINHOS”, cofinanciadas pola Deputación Provincial de Pontevedra dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 e incluídas na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) “VILAGARCIA AVANZA”, cofinanciadas polo Fondo Europeo De Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020 dentro da línea de actuación VLG_A29_ORIENEMPR, cun orzamento de licitación de 211.251,90 € (sen IVE) e de 255.614,80 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

NIF: B36528883 EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

NIF: B94162815 TALUD VERDE SL

NIF: B36213460 VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta económica	MELLORA: incremento do	MELLORA de redución do prazo de
-----------	------------------	------------------------	---------------------------------

	sen IVE	prazo de garantía	execución do contrato en un mes
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	210.723,77€	3 años	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	196.675,52€	3 años	SÍ
TALUD VERDE SL	210.500,00€	3 años	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	198.957,04€	3 años	SÍ
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	202.584,73€	3 años	NO
VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	207.000,00€	3 años	SÍ
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	200.689,31€	3 años	SÍ
NOVAIAL S.L.	208.759,13€	3 años	SÍ

De acordo con os cálculos realizados polo arquitecto municipal, resulta que tres das ofertas presentan valores anormais ou desproporcionados, de conformidade co establecido na cláusula 12.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación. Así, a oferta da mercantil GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U é un 1,86€ inferior á media aritmética das ofertas presentadas, a de MONCOSA OHS, S.A, un 3,82 % e a da empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. é un 2,70€ inferior á media das ofertas presentadas.

Tras o prazo e audiencia concedido as tres empresas presentan a xustificación, dando traslado ao Arquitecto Municipal para o informe das mesmas.

De conformidade co informe técnico a mesa de contratación propón:

- A desestimación da xustificación presentada polas Empresas MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA) e GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SLU e por tanto a exclusión na clasificación das ofertas, por non debullar razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos conforme esíxese no artigo 149.4 da vixente “Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público”.

- A estimación da xustificación presentada pola Empresa MONCOSA OHS SA e a súa consecuente admisión na clasificación de ofertas por presentar unha xustificación minuciosa da oferta presentada.

A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas presentadas a seguinte puntuación:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: incremento do prazo de garantía	Puntuación mellora: redución do prazo de execución do contrato en un mes	TOTAL PUNTOS
MONCOSA OHS, S.A	196.675,52€	30,00	30,00	40,00	100,00 (Proposto para adxudicación)
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	198.957,04€	25,30	30,00	40,00	95,30 (Proposto para exclusión)
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	200.689,31€	21,74	30,00	40,00	91,74 (Proposto para exclusión)
VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L.	207.000,00€	8,75	30,00	40,00	78,75
NOVAIAL, S.L.	208.759,13€	5,13	30,00	40,00	75,13
TALUD VERDE SL	210.500,00€	1,55	30,00	40,00	71,55
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS	210.723,77€	1,09	30,00	40,00	71,09
EXCAVACIONES TRANSPORTES IVANCA	202.584,73€	17,84	30,00	0	47,84

De conformidade coa avaliación das propostas aportadas polos licitadores, l mesa conclue a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A. Proposto para la adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
(proposto para exclusión)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.3

Total puntuación: 95.3

Orde: 3NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U (proposto para exclusión)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.74

Total puntuación: 91.74

Orde: 4NIF: B36213460 VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 78.75

Total puntuación: 78.75

Orde 5NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 75.13

Total puntuación: 75.13

Orde: 6NIF: B94162815 TALUD VERDE SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 71.55

Total puntuación: 71.55

Orde: 7NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 71.09

Total puntuación: 71.09

Orde: 8NIF: B36528883 EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 47.84

Total puntuación: 47.84

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A admisión da oferta da mercantil MONCOSA OHL S.L., ao entender xustificada a súa oferta anormalmente baixa, e a exclusión dos licitadores MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA) e GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L. de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorría as súas ofertas.

2.- A adxudicación do contrato de obra denominado “Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos”, cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023 e incluída na ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO (EDUSI) “VILAGARCÍA AVANZA”, cun orzamento de licitación 211.251,90€ (sen IVE), 255.614,80€ (con IVE), á empresa con CIF A15050958: MONCOSA OHS, S.A. de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 241-6220017 (proxecto 2018 2 DUSI 17).

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 196.675,52€ (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 41.301,86€, o que totaliza un importe de 237.977,38€ (IVE incluído).
- Melloras:
 - Aumento do prazo de garantía.
 - Redución do prazo de execución do contrato en 1 mes.

PRP2023/3681

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TRAZA TERRITORIO, S.L.L., (NIF: B88013750) cun importe de 17.666,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22706, correspondente ao contrato menor de servizos denominado SERVIZO PARA O IMPULSO E A DINAMIZACIÓN DE ENCONTROS DA MESA DE PARTICIPACIÓN POLA MOBILIDADE SOSTIBLE DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2023/3636

De conformidade coa Operación de Xestión da EDUSI Vilagarcía Avanza, en relación ao servizo de consultoría, asesoramento e apoio nos labores de dirección e coordinación da EDUSI do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
CINFO INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L.	CONTENIDOS 23- 00000298 REG 2023/6497	3.006,85€	150-2270617 AD 23/12087	Servizo de consultoría de apoio á Unidade de Xestión para a redefinición e priorización de actuacións da EDUSI do Concello de Vilagarcía de Arousa (agosto 2023)

PRP2023/3637

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº CINCO E FINAL (2023/6068), derivada da execución do contrato de obras denominado "ACONDICIONAMENTO DE NAVE PORTUARIA PARA ACTIVIDADES NAUTICAS E DEPORTIVAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2023/5706), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/17/2021 por importe de 5.444,09€.

Visto o informe final de obra do Director de obra.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CINCO E FINAL (2023/6068), derivada da execución do contrato de obras denominado "ACONDICIONAMENTO DE NAVE PORTUARIA PARA ACTIVIDADES NAUTICAS E DEPORTIVAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2023/5706), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/17/2021 por importe de 5.444,09€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
6068	CINCO E FINAL	08/08/2 023	5.444,09 €	REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	CERT. CINCO E FINAL OBRA ACONDICIONAMENTO NAVE PARA ACTIVIDADES NAUTICAS E DEPORTIVAS.	342	723

PRP2023/3638

Visto o expediente de gasto INT/2023/452 integrado pola factura 2023/6557 por importe de 786,50€ da empresa TALLERES SANTIAGO IGLESIAS S.L.

Visto o informe da Intervención municipal incorporado ao expediente, relativo á situación contractual.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a factura 2023/6557 por importe de 786,50€ da empresa TALLERES SANTIAGO IGLESIAS S.L., coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/6557	MS 2300069	11/09/2023	786,50	1530	204	TALLERES S. IGLESIAS, S.L.	ALQUILER VEHICULO NISSAN NAVARA 9243LFX DESDE EL 08.08.23 AL 07.09.23
		TOTAL	1.573,00				

PRP2023/3661

Visto o expediente de gasto INT/2023/447 integrado pola relación de xustificantes F/2023/102 por importe de 1.412,16€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2023/102, por importe de 1.412,16€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/4631	SA23-39270	30/06/2023	50,41	920	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18740 - CONEXIÃO 01/06/23 a 30/06/23 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA PA RAVELLA, 1 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-
F/2023/4632	SA23-39271	30/06/2023	60,50	2311	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18752 - CONEXIÃO 01/06/23 a 30/06/23 SPAD CL GUMERSINDO NARTALLO, 9 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18752 - MANTENIM
F/2023/4633	SA23-39273	30/06/2023	20,17	432	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18754 - CONEXIÃO 01/06/23 a 30/06/23 MUSEO FERROCARRIL CL ROSALIA DE CASTRO, 100 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-187
F/2023/4634	SA23-39274	30/06/2023	20,17	241	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18756 - CONEXIÃO 01/06/23 a 30/06/23 EDIFICIO MATOSINHOS AV MATOSINHOS, 1 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18756 - MA
F/2023/4635	SA23-39269	30/06/2023	186,13	334	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18309 - CONEXIÃO 01/06/23 a 30/06/23 AUDITORIO - LOCALES ENSAIO AV DA MARIÑA, S/N VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18
F/2023/4636	SA23-39275	30/06/2023	72,84	323	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-19172 - CONEXIÃO 01/06/23 a 30/06/23 ESCOLA INFANTIL VILAXOAN CL MIRAMAR, S/N. VILAXOAN VILAGARCIA DE AROUSA / TC
F/2023/4637	SA23-39272	30/06/2023	60,50	323	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18753 - CONEXIÃO 01/06/23 a 30/06/23 ESCOLA INFANTIL GALIÑA AZUL CL OS ANXOS, 9. CARRIL VILAGARCIA DE AROUSA / TC
F/2023/5444	SA23-47281	31/07/2023	20,17	241	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18756 - CONEXIÃO 01/07/23 a 31/07/23 EDIFICIO MATOSINHOS AV MATOSINHOS, 1 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18756 - MA
F/2023/5445	SA23-47276	31/07/2023	186,13	334	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18309 - CONEXIÃO 01/07/23 a 31/07/23 AUDITORIO - LOCALES ENSAIO AV DA MARIÑA, S/N VILAGARCIA DE AROUSA /

							TCX22-18
F/2023/5 446	SA23-47279	31/07/2 023	60,50	323	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18753 - CONEXIÃO 01/07/23 a 31/07/23 ESCOLA INFANTIL GALIÇA AZUL CL OS ANXOS, 9. CARRIL VILAGARCIA DE AROUSA / TC
F/2023/5 447	SA23-47282	31/07/2 023	72,84	323	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-19172 - CONEXIÃO 01/07/23 a 31/07/23 ESCOLA INFANTIL VILAXOAN CL MIRAMAR, S/N. VILAXOAN VILAGARCIA DE AROUSA / TC
F/2023/5 448	SA23-47280	31/07/2 023	20,17	432	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18754 - CONEXIÃO 01/07/23 a 31/07/23 MUSEO FERROCARRIL CL ROSALIA DE CASTRO, 100 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-187
F/2023/5 449	SA23-47277	31/07/2 023	50,41	920	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18740 - CONEXIÃO 01/07/23 a 31/07/23 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA PA RAVELLA, 1 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-
F/2023/5 450	SA23-47278	31/07/2 023	60,50	2311	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18752 - CONEXIÃO 01/07/23 a 31/07/23 SPAD CL GUMERSINDO NARTALLO, 9 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18752 - MANTENIM
F/2023/6 257	SA23-52375	31/08/2 023	20,17	432	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18754 - CONEXIÃO 01/08/23 a 31/08/23 MUSEO FERROCARRIL CL ROSALIA DE CASTRO, 100 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-187
F/2023/6 258	SA23-52376	31/08/2 023	20,17	241	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18756 - CONEXIÃO 01/08/23 a 31/08/23 EDIFICIO MATOSINHOS AV MATOSINHOS, 1 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18756 - MA
F/2023/6 259	SA23-52373	31/08/2 023	60,50	2311	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18752 - CONEXIÃO 01/08/23 a 31/08/23 SPAD CL GUMERSINDO NARTALLO, 9 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18752 - MANTENIM
F/2023/6 260	SA23-52377	31/08/2 023	72,84	323	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-19172 - CONEXIÃO 01/08/23 a 31/08/23 ESCOLA INFANTIL VILAXOAN CL MIRAMAR, S/N. VILAXOAN VILAGARCIA DE AROUSA / TC
F/2023/6 261	SA23-52371	31/08/2 023	186,13	334	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18309 - CONEXIÃO 01/08/23 a 31/08/23 AUDITORIO - LOCALES ENSAIO AV DA MARIÇA, S/N VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-18
F/2023/6 262	SA23-52372	31/08/2 023	50,41	920	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18740 - CONEXIÃO 01/08/23 a 31/08/23 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA PA RAVELLA, 1 VILAGARCIA DE AROUSA / TCX22-
F/2023/6 263	SA23-52374	31/08/2 023	60,50	323	213	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	TCX22-18753 - CONEXIÃO 01/08/23 a 31/08/23 ESCOLA INFANTIL GALIÇA AZUL CL OS ANXOS, 9. CARRIL VILAGARCIA DE AROUSA / TC
		TOTAL	1.412,16				

PRP2023/3670

Visto o expediente de gasto INT/2023/457 integrado pola factura con número de rexistro 2023/6513 por importe de 3.168,00€.

Vista o informe da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a factura con número de rexistro 2023/6513 por importe de 3.168,00€ coa seguinte desagregación:

Nº	de	Nº	de	Fecha	Importe	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
----	----	----	----	-------	---------	----------	-----------	------	-------------------

Entrada	Documento	Dto.	Total				
F/2023/6513	A23 503	31/08/2023	3.168,00	160	22700	OBRAS Y SERV. FERNANDEZ, S.L	TRANSPORTE DE RESIDUOS DE CRIBADO 19.08.01 PROCEDENTE DEL SERVICIO DE LIMPIEZA DE COLECTORES Y POZOS DE BOMBEO DEL CONCE
		TOTAL	3.168,00				

PRP2023/3691

Visto o expediente de gasto INT/2023/459 integrado pola factura 2023/6233 por importe de 115,66€ da empresa CLECE S.A.

Visto o informe da Intervención municipal incorporado ao expediente, relativo á situación contractual.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a factura 2023/6233 por importe de 115,66€ da empresa CLECE S.A., coa seguinte desagregación

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/6233	02148000020823F	31/08/2023	115,66	920	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpeza semanal en la OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DIGITAL situada en la PRAZA ARCEBISPO LAGO durante e
		TOTAL	115,66				

PRP2023/3694

Visto o expediente de gasto INT/2023/453 integrado pola relación de xustificantes F/2023/104 por importe de 23.349,70€.

Vista o informe da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2023/104 por importe de 23.349,70€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/5711	A23 1042	31/07/2023	11.534,60	160	22700	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA DE ALCANTARILLADO Y LIMPIEZA DE POZOS DE BOMBEO CON EQUIPO MIXTO ASPIRADOR E IMPULSOR CON DOS OPERA
F/2023/6533	A23 1131	31/08/2023	11.534,60	160	22700	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA DE ALCANTARILLADO Y LIMPIEZA DE POZOS DE BOMBEO CON EQUIPO MIXTO ASPIRADOR E IMPULSOR CON DOS OPERA
F/2023/6843	A23 1249	26/09/2023	280,50	160	22700	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	SERVICIO EXTRA DE TARDE / ORDE DE COMPRA: 15439 RESPONSABLE: RICARDO PICHEL PREGO SERVIZO: SANEAMIENTO
		TOTAL	23.349,70				

PRP2023/3717

Visto o expediente de gasto INT/2023/469 integrado pola factura de Mgs Seguros y Reaseguros, S.A por importe de 133,14 €

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a factura de Mgs, seguros y Reaseguros, S.A por importe de 133,14 € coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Programa	económica
---------------	-------	-----------------	---------------	----------	------	-------------------	----------	-----------

F/2023/6 736	20/09/ 2023	46568117	133,14	A08171373	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 18-09-2023 al 31-12- 2023 / MAN M 90 12 232 F MA	1530	224
-----------------	----------------	----------	--------	-----------	--------------------------------------	---	------	-----

PRP2023/3718

Polo Departamento de Intervención detectouse un erro material na operación orzamentaria na que foi aplicada o gasto correspondente á Dirección de obra da Certificación nº 7 de obraa “Humanización de cálea Arcebispo Lago”, aprobada na Xunta de Goberno Local celebrada o 07/08/2023.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local acorda a corrección dos erros materiais cometidos para a proposta de gasto co detalle que se relaciona a continuación:
Onde di:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.	23 24 R.E. 2023/708	111.839,74€	1530-6190017 AD22-8543 e AD22-30461	Certificación 7 “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”

Debe dicir:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.	23 209 R.E. 2023/3634	111.839,74€	1530-6190017 AD22-8543 e AD22-30461	Certificación 7 “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.